

Acta núm. 18/2018.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 27 de novembro de 2018

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 27 de novembro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 20 de novembro de 2018.
- 2º.- Comunicacions previas (obras menores).
- 3º.- Licenza de obra menor.
- 4º.- Licenzas de primeira ocupación.
- 5º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 20 DE NOVEMBRO DE 2018.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 20 de novembro de 2018, acta núm. 17/2018.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Víctor Boullón Gómez, que di actuar en nome de MANUEL RAMON FORJAN BARBAZAN, con domicilio en Nináns 3, Luaña, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Nináns 3, Luaña, consistente na substitución das tellas da cuberta da vivenda por outras novas, sen modificar a altura e o volume da mesma.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Martín Bermúdez de la Puente, que di actuar en nome da C.P. PEDROUZOS 13, BLOQUE 1, con domicilio en Laverde Ruíz 4, baixo, Santiago, na que comunica que van realizar obras de mantemento no edificio do Paseo de Pedrouzos 13, Brión, consistentes na limpeza dos canalóns, substitución das tellas en mal estado e revisión da fachada.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UNC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA ELVIRA PAZOS REGO, con domicilio en Agro Novo 95, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras no interior da vivenda de Agro Novo 95, Os Ánxeles, consistentes en arranxar un baño e pintar, non afectando á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A parcela onde se pretende executar as obras atópase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Emilio Pita Alonso, que di actuar en nome da empresa MT 2001, S.L.U., con domicilio na Rúa Dos Ferreiros 143, Narón, na que comunica que vai realizar obras consistentes no cambio do caixeiro actual por outro novo, no local sito no Centro Comercial Monte Balado, local 3, planta baixa, Os Ánxeles, onde se sitúan as oficinas da Abanca. Trátase de obras de escasa entidade que non afectan á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA SOCORRO BOUZAS NEO, con domicilio en Tourís 9, Luaña, na que comunica que vai construír un un galpón de 49,50 m², separado 3 m, de tódolos lindeiros e da edificación principal, en Tourís 9, Luaña.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións, en base ao artigo 3.4.2 do PXOM:

- .- O cerramento será de pedra/madeira ou de fábrica, convenientemente revestido e pintado.
- .- A cuberta será de tella de barro cocido.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA SOLITA VAZQUEZ LAMEIRO, con domicilio en Cornanda 7, Cornanda, na que comunica que vai reconstruír 1,44 m2 da parede dun galpón situado en Cornanda 7, Cornanda, sen afectar á estrutura e ao volume da edificación.

A parcela onde se pretende realizar a obra atópase nun solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada derivando o condutor RZ 95 existente ata a situación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública en Casaldoeiro, Bastavales. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia cunha lonxitude total de 11 m. segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado no Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, con data 04/10/2018, visado nº 3012/18-CO.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica está clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- .- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 200,43 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por AIDA REBECA FERNANDEZ GARCIA, con domicilio en Caxusa 15, Bastavales, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Caxusa 15, Bastavales.

Con data 20/12/2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Ángel Vázquez García e Aida Rebeca Fernández García, para construír unha vivenda unifamiliar en Caxusa 15, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia asinado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez con data 29/09/2017, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por JAVIER PAIS RODRIGUEZ, con domicilio en Chacín s/n, Mazaricos, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Bemil 34, Bastavales.

Con data 29/12/2015 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza de obra maior a Javier País Rodríguez, para construír unha vivenda unifamiliar en Bemil 34, Bastavales.

Con data 07/06/2017 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza de modificación da licenza de obra maior anterior do 29/12/2015.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/10/2018, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ninguna.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González